

## **MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DE MAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que, a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa Deputación de Ourense para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa administración.

Que, a Deputación Provincial de Ourense ten asignadas entre as súas competencias previstas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.

Que, no marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e á luz do preceptuado na Lei 39/2015, de 1 de outubro,





do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de subministración de información da que poida dispor a Xunta de Galicia a favor da Deputación de Ourense e que permita a este obter a información que precisa para o exercicio das súas funcións de forma áxil e unha diminución dos custos soportados polas partes que subscriben o presente convenio.

Que, o marco legal que posibilita o obxecto deste convenio ven constituído principalmente polo disposto nos artigos 3.2, 34.1 g) e 95.1 k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en adiante LXT). Nestes preceptos establécense os principios reitores da aplicación do sistema tributario; o dereito dos contribuíntes a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas e, por último, o artigo 95 apartado 1.k) LXT, como excepción ao carácter reservado dos datos con transcendencia tributaria, prevé a cesión de información tributaria a outras Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, logo de autorización dos obrigados tributarios a que se refiran os datos subministrados. Esa información de carácter tributario deberá ser subministrada preferentemente mediante a utilización de medios informáticos ou telemáticos. En todo caso cando as Administracións públicas poidan dispoñer da información polos devanditos medios, non poderán esixir aos interesados a achega de certificados da Administración tributaria en relación coa devandita información.





Que, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

